



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Outubro 2018


Santiago de Compostela, 05 de decembro de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Outubro 2018

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en outubro de 2018 un crecemento do 6,2% con respecto a outubro de 2017, mentres que a nivel nacional o índice avanzou un 3,6%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, todos eles creceron: os bens de consumo un 5,9%, os bens de equipo un 7,7%, os bens intermedios un 5,6% e a enerxía un 5,9%.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden á “industria da alimentación” que achega 1,5 puntos, á “fabricación doutro material de transporte” que suma 1,0 puntos, á “producción de enerxía eléctrica” que engade 0,9 puntos e á “fabricación de bebidas” que achega 0,8 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as ramas con maiores achegas negativas destacan a “confección de roupa de vestir” que minora 0,5 puntos, a “fabricación de produtos de caucho e plásticos” que minora 0,3 puntos e a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” que resta igualmente 0,3 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Outubro 2018



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de outubro de 2018 en Galicia acadou unha taxa interanual do 6,2%, mellorando en 5,9 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (0,4%). En España rexistrouse un aumento do 3,6%, mellorando en 6,6 puntos a taxa acadada no mes anterior (-3,0%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un incremento do 5,9%, o que ten unha repercusión positiva de 1,5 puntos no conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un aumento do 7,7%, o que suma 1,8 puntos.
- Os **bens intermedios** creceron un 5,6% cunha repercusión positiva de 1,5 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que sube un 5,9% achegando 1,4 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de setembro de 2018, por destino económico, os bens de consumo melloran 5,1 puntos, os bens de equipo melloran 11,9 puntos, os bens intermedios melloran 9,9 puntos e a enerxía empeora 4,9 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de outubro foron: “industria da alimentación” que achega 1,5 puntos, a “fabricación doutro material de transporte” que suma 1,0 puntos, a “produción de enerxía eléctrica” que engade 0,9 puntos e a “fabricación de bebidas” que achega 0,8 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas, destacan a “confección de roupa de vestir” que minora 0,5 puntos, a “fabricación de produtos de caucho e plásticos” que minora 0,3 puntos e a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” que resta igualmente 0,3 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 10,4% de Madrid e o -10,6% de Murcia. Ademais de Madrid, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Cantabria (8,8%), Comunitat Valenciana (7,2%), Aragón (6,9%), Galicia (6,2%), Castilla y León (5,9%) e Asturias (4,2%).

IPI outubro 2018 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Outubro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	116,5	6,2	5,9	--	--
Bens de consumo	128,8	5,9	1,5	1,5	0,4
Bens de equipo	107,8	7,7	2,6	1,8	0,6
Bens intermedios	125,1	5,6	8,1	1,5	2,2
Enerxía	106,3	5,9	11,3	1,4	2,7
España					
Xeral	113,4	3,6	1,6	--	--
Bens de consumo	111,8	3,9	0,1	1,0	0,0
Bens de equipo	124,3	7,3	3,7	1,7	0,8
Bens intermedios	117,0	2,9	2,6	0,9	0,8
Enerxía	99,1	-0,2	-0,3	0,0	-0,1

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Outubro 2018

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	6,2		5,9		
Industria da alimentación	11,4	1,5	3,8	0,5	13,2
Fabricación doutro material de transporte	72,1	1,0	94,9	1,2	2,0
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	4,6	0,9	11,2	2,1	22,3
Fabricación de bebidas	23,9	0,8	4,6	0,2	3,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	7,1	0,6	5,8	0,5	7,7
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	13,9	0,6	6,0	0,3	3,6
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	5,7	0,6	-8,0	-0,9	13,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	9,6	0,3	6,9	0,2	2,6
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	9,7	0,3	4,8	0,1	2,0
Outras industrias extractivas	27,6	0,2	13,0	0,1	1,1
Industria química	9,3	0,2	9,0	0,2	1,5
Outras industrias manufactureiras	23,7	0,1	23,3	0,1	0,5
Industria téxtil	4,3	0,0	-18,9	-0,1	0,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-1,2	0,0	12,9	0,2	1,4
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-0,8	0,0	11,4	0,6	5,1
Fabricación de mobles	-11,2	-0,2	-19,3	-0,3	1,1
Industria do papel	-9,9	-0,2	0,1	0,0	2,2
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-6,3	-0,3	8,4	0,3	4,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-11,0	-0,3	-3,1	-0,1	2,5
Confección de roupa de vestir	-6,8	-0,5	-2,1	-0,1	4,1
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Outubro 2018

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	113,4	3,6	1,6
Galicia	116,5	6,2	5,9
Andalucía	105,6	-2,6	-2,0
Aragón	115,5	6,9	1,6
Asturias	117,5	4,2	3,4
Baleares (Illes)	99,0	2,3	-2,0
Canarias	103,9	-1,5	1,3
Cantabria	122,8	8,8	8,1
Castilla - La Mancha	110,1	2,8	-0,2
Castilla y León	110,0	5,9	2,8
Cataluña	116,6	2,7	2,3
Comunitat Valenciana	110,0	7,2	0,9
Extremadura	107,3	1,5	4,2
Madrid	115,4	10,4	1,3
Murcia	114,3	-10,6	1,0
Navarra	113,9	2,2	1,5
País Vasco	117,3	2,5	1,4
Rioja (La)	98,1	-6,8	-3,2

Fonte: INE